


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

10-11 de agosto do 2024

XIX ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 3 Unha xuntanza de amor**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a vida de Xesús e o seu pan en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A Liturxia de hoxe continúa coa reflexión que Xesús fai aos seus veciños sobre o Pan da Vida. Pero os que o escoitaban tiñan dúbidas e non aceptaban a súa Palabra.

Nos nosos tempos tamén nos costa moitas veces comprender a Palabra de Xesús, a súa forma de vivir e de mostrarnos ao noso Deus Pai na comunidade e nos irmáns.

É moi importante que os que nos chamamos cristiáns sexamos capaces de aceptar a Palabra de Xesús e de tratar de poñela en práctica na nosa vida.

A nosa comunidade e os nosos irmáns precisan de persoas que sexan capaces de dar testemuña da fe e de realizar a Boa Nova do amor.

Cristo é o Pan de Vida que nos alimenta e nos dá forzas para que así o fagamos na nosa vida.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Queremos agora renovar os nosos compromisos con Deus e cos irmáns e por iso empezamos por pedir perdón **porque queremos facelo mellor:***

Monitor/a

➤ Comprometémonos con Cristo a imitalo sendo exemplo de bondade, paz e perdón?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Cristo a imitalo vivindo lonxe de murmuracións, amarguras e violencias?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Cristo a acollelo en nós coma o pan vivo que baixou do ceo, sabedores de que o que coma deste pan vivirá para sempre?

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se esforzan cada día para mellorar a vida dos demais. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Lembramos a todas as persoas coas que compartimos o pan das nosas vidas.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, o teu espírito danos a confianza de te chamarmos noso Pai.

Fai medrar nos nosos corazóns o espírito de fillos adoptivos, para que poidamos acadar a herdanza que ti nos prometiches.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

As lecturas de hoxe chámannos a facer do compartir o camiño para sermos cribles.

Imos escoitar a San Paulo convidándonos a que nos asemellemos a Xesús porque El pasou pola vida dando a vida.

No evanxeo Xesús insiste en que El é o verdadeiro PAN DA VIDA. Escoitamos

LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Non aflixades ao Santo Espírito de Deus, que vos selou para o día da redención. Arredade de vós toda retranca, carraxe, ira, berros ou aldraxes e calquera outra maldade; máis ben sede bondadosos e misericordiosos uns cos outros, perdoándovos mutuamente, coma Deus vos perdoou en Cristo.

Facédevos, logo, imitadores de Deus, coma fillos queridos, e camiñade no amor, igual ca Cristo, que vos amou e que se entregou por nós coma ofrenda e vítima a Deus de recendo agradable.

Palabra do Señor

🎵 50 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 230 Xn 6,41-51 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela os veciños comezaron a murmurar de Xesús, porque dixeran "Eu son o pan que baixou do ceo", e dicían:

- Non é este Xesús, o fillo de Xosé? Non lle coñecemos o pai e maila nai? Como di, logo "Eu baixei do ceo"?

Xesús respondeulles:

- Non esteades aí a murmurar. Ninguén pode vir onda min se non o trae o Pai que me mandou, e eu resucitareino no derradeiro día. Está escrito nos Profetas: todos serán ensinados por Deus: todo aquel que escoita ao Pai e aprende, vén onda min. Non porque alguén vise ao Pai; o único que viu ao Pai é o que estaba onda Deus. Con toda verdade volo aseguro: quen cre, ten vida eterna.

Eu son o pan da vida. Os vossos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra. Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que podemos facer
para ser cribles e
asemellarnos a Ti, Señor?
Xesús, coa túa vida
atrevícheste a ser pan, e
non foi fácil.

Os teus veciños non te
entendían porque ti dicías
ser o pan de Deus, e a eles o

que lle preocupaba era só o pan da mesa.

Ti falabas do verdadeiro pan, o pan da fe, o pan de quen
confía no Deus que é Pai.

Ti dicías que quen coma do teu pan vivirá eternamente,
porque o teu pan ten o sabor da vida, porque é o pan que
alimenta para a eternidade.

Como te ían entender, Xesús?. Eles só buscaban o pan
que fartara as súas fames, e ti falabas do pan que farta a
fe. Eles so querían o pan da barriga, e ti ofrecías o pan do
corazón.

Nós tamén te buscamos, queremos compartir a túa
vida porque Ti es o PAN de Deus. Queremos fartar
contigo as fames da paz, queremos fartar contigo as
fames de ser comunidade, queremos fartar contigo as
fames da fe, porque o que come do teu pan vivirá para
sempre.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial no que
renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos
coma EL, dar vida, anunciar o Evanxeo e ser cribles
compartindo o pan da fe. Facémolo agora co credo:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai,
que nos fixo á súa imaxe, para que amemos e coidemos
a terra que pon nas nosas mans?

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede en Xesús, o seu Fillo benquerido,
pan de vida que se nos dá no noso camiñar para imitalo
en tolerancia, respecto e paz?

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede no Espírito Santo
que nos alenta para sermos exemplo de Xesús acollendo
aos famentos da vida?

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede na igrexa,
comunidade viva chamada a facerse crible compartindo
en Cristo o pan da vida eterna?

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Xesús convídanos á súa mesa para ofrecernos o pan que alimenta corpos, esperta solidariedades e fai medrar esperanzas, por iso dicimos:*

GRAZAS, SEÑOR, POR INVITARNOS

Monitor/a

- ✓ Polas persoas que traballan levando pan aos famentos de hoxe nas mesmas terras onde Xesús se ofreceu como pan de vida. Rezamos
- ✓ Polas persoas que día a día se achegan aos que están vivindo o pan da amargura, da soidade, da enfermidade e lles ofrecen o pan da compañía e da esperanza. Rezamos
- ✓ Polas persoas famentas de vida para que atopen en nós imitadores de Xesús. Rezamos
- ✓ Polas persoas famentas de paz para que entre todos descubramos a forma de facela realidade no día a día da nosa vida e das súas vidas. Rezamos
- ✓ E pedimos por todas as persoas que o están facendo ben e nos están dando exemplo para facelo mellor. Rezamos

Celebrante: *Señor, con esta oración queremos amosar o noso agradecemento ás persoas de ben que pos no noso camiñar na vida e a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús, Pan de Vida que nos dá Deus, ensínanos unha maneira nova de achegarnos a El como “Pai noso”. Por iso rezamos deste xeito*
NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El deamos nós vida ao EVANXEO nestes momentos de violencia, sabendo que o damos vida na igualdade, dámolo vida no respecto e na tolerancia, dámolo vida con todas as mans atrevidas para sementar PAZ. Fixérono os discípulos, fagámolo nós tamén.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben.

Participamos hoxe aquí para asemellarnos a Cristo e compartir o seu pan de vida.

Sintámonos orgullosos por estar invitados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 47 Ti elo pan do ceo**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración nos traia a salvación
e nos manteña firmes na luz da túa verdade
de xeito que os froitos do noso camiñar
sexan imitando os pasos de Xesús,
noso Señor, que vive e reina con nós
por sempre eternamente.

Con Xesús cremos que vale a pena dar vida, e dámola na sinxeleza de compartir en Os Cotos.



Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser exemplo dun mundo que non se contenta coas fames de sempre.

E con Xesús queremos dar grazas polos dons da vida e da fe que compartimos na nosa parroquia.

Recordamos o encontro do día 15 de agosto.
No merendeiro de San Antonio, en Verducido, no mesmo lugar do ano pasado, reunímonos o día 15 as dez parroquias para celebrar a eucaristía ás 12'30 e deseguido compartirmos o xantar que cada quen leve.

É a nosa XIV FESTA DE OS COTOS.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz. Amén